

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

- 15211** *Real decreto 1237/2011, do 8 de setembro, polo que se establece a aplicación de exencións por razóns de defensa, en materia de rexistro, avaliación, autorización e restrición de substancias e mesturas químicas, de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, e en materia de clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, de acordo co Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008.*

A entrada en vigor do Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e preparados químicos (REACH), actualizou a lexislación europea na citada materia.

O obxecto do citado regulamento, en diante Regulamento REACH, é garantir un nivel elevado de protección da saúde humana e do ambiente, así como a libre circulación de substancias químicas como tales, en forma de mesturas ou contidas en artigos. Así mesmo, pretende fomentar a competitividade e a innovación da industria química europea, impulsando o desenvolvemento de métodos alternativos para avaliar os perigos que presentan as substancias químicas.

Para iso, o Regulamento REACH exige que todas as substancias químicas que se fabriquen ou importen na Unión Europea, nunha cantidade superior a unha tonelada ao ano, sexan rexistradas e que os fabricantes e importadores avalíen sistematicamente os riscos que estas poden presentar para a saúde e o ambiente.

Posteriormente, e para harmonizar as disposicións e os criterios de clasificación e etiquetaxe das substancias, mesturas e certos artigos específicos na Comunidade, tendo en conta os criterios de clasificación e as normas de etiquetaxe de Nacións Unidas, sistema globalmente harmonizado de clasificación e etiquetaxe de produtos químicos (SGA), apróbase o Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008 (CLP), sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e polo que se modifican e derrogan as directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1907/2006 introducindo cambios no seu articulado.

Dado que do incumprimento do Regulamento REACH e do Regulamento CLP podería resultar un prexuízo para a saúde humana e o ambiente, nos seus artigos 126 e 47, respectivamente, obrigan os Estados membros a establecer un réxime sancionador por infracción do disposto neles e a tomar todas as medidas necesarias para garantir a súa aplicación.

Por ese motivo promulgouse a Lei 8/2010, do 31 de marzo, pola que se establece o réxime sancionador previsto nos regulamentos (CE) relativos ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e mesturas químicas (REACH) e sobre a clasificación, a etiquetaxe e o envasado de substancias e mesturas (CLP), que o modifica.

Por outra parte, o artigo 2.3 do Regulamento REACH e o artigo 1.4 do Regulamento CLP recollen que os Estados membros poderán prever, en casos específicos, excepcións aos regulamentos para determinadas substancias, como tales ou mesturas, en caso de ser necesario por razóns de defensa.

En función do expresado nos mencionados artigos, este real decreto regula o mecanismo de exención que poderá empregar o Ministerio de Defensa para substancias que sexan de interese por razóns de defensa, labor que non exclúe que as autoridades competentes deban velar por manter a finalidade e o obxecto dos citados regulamentos para garantir un nivel elevado de protección da saúde humana e do ambiente, dentro do marco das súas competencias.

Para lograr eses obxectivos, aplicaranse requirimentos e mecanismos internos de xestión que garantan a confidencialidade das composicións das substancias e o compromiso de garantir o interese por razóns de defensa nacional. Os requirimentos e mecanismos citados serán establecidos por orde ministerial do departamento, en desenvolvemento deste real decreto.

Finalmente, na fase de tramitación deste real decreto solicitouse informe ao Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade e ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, así como ao Consello Asesor de Medio Ambiente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 8 de setembro de 2011,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é a aplicación das exencións por razóns de defensa, en materia de rexistro, avaliación, autorización e restrición de substancias químicas como tales ou en forma de mesturas ou contidas en artigos, previstas no artigo 2.3 do Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006 (en diante Regulamento REACH) e na clasificación, etiquetaxe e envasado, previstas no artigo 1.4 do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008 (en diante Regulamento CLP).

##### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. A exención na aplicación dos regulamentos REACH e CLP por razón de defensa poderá ser solicitada para as substancias químicas como tales ou en forma de mesturas ou contidas en artigos subministrados ao Ministerio de Defensa que se encontren nalgún dos seguintes supostos:

a) Que estean protexidas por razóns de confidencialidade porque a súa composición estea suxeita á normativa de protección de material e información clasificada, así como porque se trate de información que poida comprometer a seguridade do Estado.

b) Que sexan necesarias por razóns de operatividade e interoperabilidade das Forzas Armadas:

1.º Para continuar realizando a actividade propia das Forzas Armadas dunha maneira adecuada, sempre e cando non se desenvolvese un substituto alternativo de similar eficacia que xere menor risco sobre a saúde, a seguridade e o ambiente.

2.º Para levar a cabo misións internacionais das Forzas Armadas españolas en cooperación con outros exércitos por aplicación da normativa de mantemento que corresponda á misión internacional ou interoperabilidade.

2. Esta exención débese entender sen prexuízo da obriga das autoridades competentes de garantiren e velaren por un nivel elevado de protección da saúde humana e do ambiente, tendo en conta tanto a evolución da técnica como a substitución de substancias perigosas por alternativas que non entrañen ningún perigo ou que supoñan o menor risco posible.

##### Artigo 3. *Autoridade competente e procedemento.*

1. A autoridade competente para a emisión de certificados de exención por razóns de defensa, en materia de rexistro, avaliación, autorización e restrición de substancias como tales ou en forma de mesturas ou contidas en artigos, de acordo cos regulamentos REACH e CLP, será o director xeral de Armamento e Material do Ministerio de Defensa.

2. O procedemento para a solicitude e obtención destes certificados de exención será fixado mediante orde ministerial do citado departamento.

3. As exencións que se concedan en aplicación do disposto neste real decreto someteranse a informe dos ministerios de Sanidade, Política Social e Igualdade e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e forzas armadas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa para que dite, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de setembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,  
CARME CHACÓN PIQUERAS